

RECORTES NO NOSO CENTRO!

Lamentamos informar que a “tesoira en educación” da Xefatura Territorial alcanzou ao noso centro educativo dun xeito realmente lesivo.

O IES Nº1 de Ribeira contaba cunha dotación previa á pandemia de 72 docentes. O ano pasado, despois dunha dura loita, conseguíronse só 4 docentes máis para facer os desdobres necesarios para dar cumprimento á normativa vixente en materia de prevención e protección fronte á covid19.

A semana pasada, a Dirección do centro foi informada pola Inspectora de Educación, de que o seu cadro de persoal ía ser reducido a tan só 66 docentes. O que supón **a perda de 10 mestres e mestras!**

10 postos de traballo que a Xefatura Territorial da Coruña considera “prescindibles”, e que sen embargo, **se traduce nunha IMPOSIBILIDADE de manter a organización actual do centro.**

Con tan só 66 docentes o centro non pode garantir todos os puntos descrito no PEC (Proxecto Educativo do Centro) de obrigado cumprimento exixido pola propia Consellaría de Educación.

Tras un primeiro estudo das repercusións e das consecuencias deste recorte no Instituto (sen contar que é posible que algo se nos poida escapar) resumimos:

- **Pérdense 2 aulas na ESO**, unha en 1ºESO e outra en 2ºESO. Dous **agrupamentos creados para dar atención ao alumnado con dificultades no aprendizaxe** (punto descrito no PEC do IES Nº1).
- **Non se poderán realizar os Laboratorios de Idiomas, Tecnoloxía, Bioloxía e de Física e Química**, que se viñan facendo coma unha gran mellora na calidade desas materias.
- **Tampouco se poderán realizar as clases de alfabetización**, tanto para o alumnado estranxeiro coma para os adultos, fundamentais para lograr a integración destas familias (dentro do PEC).
- Tampouco será posible a atención ao **alumnado con materias pendentes**.
- Agardamos que finalmente tampouco se vexan mermadas as materias optativas ofertadas para este ano académico polo centro. Pois era, **ata agora, un centro de referencia polo número e tipo de optativas que impartía**, e que atraía matrículas de moitos estudantes, incluso de fora do Concello. Pois aquí tiña a oportunidade de estudar materias que ningún outro centro ofertaba e melloraba considerablemente a súa formación de cara os estudos futuros.
- **As aulas masifícanse** con ratios rozando os máximos en 1º e 2º da ESO (26-28)
- En plena pandemia, **non se pode garantir en todos os postos de estudo a distancia mínima de seguridade exixida** pola propia Consellaría (que este ano baixa a 1.20m) polo que a única opción e aumentar o número de mamparas dentro das aulas. É dicir, **aumenta o risco de contaxio** (entre o alumando e os docentes) e **diminúe as condicións óptimas de aprendizaxe** na aula.
- **Non hai mestres/as suficientes para realizar todas as gardas necesarias**, polo que, **non se vai poder garantir o control do cumprimento das medidas para a protección e prevención da covid19 do Plan de Adaptación do centro** (de obrigado cumprimento, tamén exixido pola propia Consellaría). Pois **non hai persoal suficiente para vixiar** as zonas do patio durante os recreos, a biblioteca, os corredores, as aulas de convivencia, a substitución nas aulas por ausencias...

- **Tememos pola saúde dos docentes**, que se verán cunha **carga laboral** moi superior ao do ano pasado, non só polo número de alumnos dos que son responsables de garantir a súa educación, se non tamén pola sobrecarga nas horas e dobraxes que deberán facer ao longo do curso. Veranse frustrados por non acadar os seus propios obxectivos profesionais. Aumenta o risco de baixas e polo tanto, aumenta seriamente a dificultade para ser cubertos ou substituídos.

Pero o máis importante é, que vai supoñer unha **importante merma na calidade na Educación dos estudantes do IES Nº1 de Ribeira!!**

E por si todo isto non fose bastante do que avergoñarse... **Non temos garantías de dispoñer do persoal de apoio (PTs) suficientes no servizo de Orientación do centro para o vindeiro curso**, pois, aínda que non é de todo oficial por parte da Xefatura Territorial, a Inspección ven de avisar que o máis probable é que **perdamos 1 das dúas PTs** coas que contaba o centro este ano. A pesares de contar con máis de 40 alumnos/as con NNEE (necesidades especiais) detectadas e moitas aínda sen determinar.

Pola nosa banda, a Xunta Directiva da ANPA Caramcheiro e a Dirección do Centro do IES Nº1 de Ribeira, **estamos a traballar dentro de todas as liñas posibles para loitar** contra esta que consideramos malísima decisión da Xefatura Territorial **e conseguir a lo menos recuperar o cadro de persoal previo á pandemia.**

Seguiremos informando segundo aia novidades,

Un saúdo e moito ánimo a todas as familias e docentes,

En Ribeira, a 29 de Xuño do 2021